



## ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A SELECCIÓN DE 42 PRAZAS DE BOMBEIRO-CONDUTOR POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN

En data 24.03.2026, sendo as nove horas e trinta munitos, reúnense na planta 6ª da Deputación de A Coruña, as seguintes persoas que integran o Tribunal cualificador para a selección de 42 prazas de bombeiro-condutor do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña (CPCIC), e asistindo os seguintes membros:

-Presidente: Don Mauricio Calvo Vidal, suboficial do CPCIC.

-Secretario: Don Manuel Carramal Silva, Técnico de Administración Xeral da Secretaría Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

-Vogais: Dona Rosario Méndez Gil, técnica en Planificación Enerxética da Deputación Provincial de A Coruña, don Manuel Rodríguez Lendoiro, cabo do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de A Coruña e dona Olga María Gándaras Ares, xefa de departamento de xestión tributaria da Deputación Provincial de A Coruña.

### 1.- ALEGACIÓNS PRESENTADAS CONTRA AS PREGUNTAS DO PRIMEIRO EXAME.

Dáse conta das alegacións presentadas polas persoas participantes no primeiro exame do proceso selectivo cifrándose nun total de 68. Acórdase publicar no anuncio coas puntuacións do primeiro exame o resultado das alegacións no seu conxunto, sen notificación individual e de acordo co establecido na páxina 5 das bases reguladoras.

Por outra banda, para a resolución das alegacións tense en conta a lexislación reguladora na materia para as preguntas da parte común e os manuais e documentación referenciada nas bases reguladoras para as preguntas relativas á parte específica.

De seguido, procédese ao examen individualizado de cada unha das mesmas polos membros do tribunal:

1.- No relativo á pregunta núm. 4, que fai referencia ao art. 28 da Constitución Española, di:

*1. Todos teñen dereito a sindicarse libremente. A lei poderá limitar ou exceptuar o exercicio deste dereito ás Forzas ou Institutos armados ou aos demais Corpos sometidos a disciplina militar e regulará as peculiaridades do seu exercicio para os funcionarios públicos. A liberdade sindical comprende o dereito para fundar sindicatos e a afiliarse ao da súa elección, así como o dereito dos sindicatos para formar confederacións e a fundar organizacións sindicais internacionais ou afiliarse ás mesmas. Ninguén poderá ser obrigado a afiliarse a un sindicato.*

*2. Recoñécese o dereito á folga dos traballadores para a defensa dos seus intereses. A lei que regule o exercicio deste dereito establecerá as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade.*

As opcións b) e c) non se axustan á literalidade do disposto no art. 28 da Constitución Española e tendo en conta a literalidade do art. 28 a única opción válida é a a).

En base ao anteriormente exposto, debe desestimarse a alegación formulada.

2.- Pregunta núm. 5. O temario da convocatoria recolle un epígrafe no tema 1 relativo a: “O Estatuto de Autonomía de Galicia: as institucións da Comunidade Autónoma: O Parlamento. A Xunta e o seu Presidente. Das competencias de Galicia”. Disto, dedúcese que non se acota a posibilidade de formular preguntas sobre partes ou artigos concretos da norma á que se refire.

A maiores, sinalar que o propio Estatuto sinala que os poderes da Comunidade Autónoma de Galicia exércense a través da Xunta, do Parlamento e do seu Presidente. A pregunta fai referencia á sede da institucións autonómicas e de acordo co disposto no art. 8 da Lei Orgánica 3/1981, do 6 de abril, a resposta correcta é a opción a) co que debe desestimarse a alegación formulada.



3.- A pregunta núm. 8 fai referencia ao órgano competente para fixar a orde do día das sesións do pleno da corporación municipal. Dita pregunta encádrase dentro do tema 2; *“O réxime local, regulación xurídica. O municipio: concepto e competencias...”*.

Considerando o disposto na lexislación reguladora en materia de réxime local (Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, réxime xurídico e funcionamento das entidades locais), a opción válida é a b) co que debe desestimarse a alegación formulada.

4.- A pregunta 9 fai referencia ás entidades locais segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e atópase dentro do tema 2; *“O réxime local, regulación xurídica. O municipio: concepto e competencias...”*, sendo a única opción válida a b), co que debe desestimarse a alegación formulada.

5.- A pregunta 10 fai referencia aos recursos das entidades locais e atópase dentro do tema 2 no epígrafe *“recursos das facendas locais: enumeración.”* A opción válida é a c) de acordo coa normativa reguladora en materia de facendas locais (Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se regula a Lei das facendas locais). En base ao anteriormente exposto, debe desestimar a alegación formulada.

6.- A pregunta núm. 11 fai referencia ao art. 21 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro e encádrase dentro do temario da parte común do programa, concretamente o tema 3: *“O persoal ao servizo das administracións públicas: clases de persoal. Adquisición e perda da relación de servizo. Dereitos individuais. Deberes e código de conduta. Incompatibilidades.”*

O temario no sinala que teña que formularse sobre unha norma en concreto e, polo tanto, existen distintas normas en materia de persoal que son concorrentes sendo aplicable a normativa autonómica. Por outra banda, o feito de que verse sobre o persoal ao servizo das administracións públicas, isto inclúe tamén o obxecto da pregunta que se formule xa que o propio enunciado inclúe a materia no seu conxunto.

Considerando o anteriormente exposto, a opción válida é a c), co que debe desestimarse a alegación formulada.

7.- As preguntas núm. 12, 13, 14 e 15 fan referencia ao tema 3: *“O persoal ao servizo das administracións públicas: clases de persoal. Adquisición e perda da relación de servizo. Dereitos individuais. Deberes e código de conduta. Incompatibilidades.”*

Enténdese por seguridade xurídica que deben de anularse ao versar sobre parte da materia que non se inclúe expresamente nas bases.

8.- Pregunta número 21. Un dos aspirantes sinala que nas tres opcións que se dan como posible resposta, faise mención aos artigos 4, 3 e 7 do Título Preliminar do Estatuto de Autonomía, o cal, segundo a súa opinión, non forma parte do temario.

Tanto a pregunta como a resposta, que se dá como correcta, forman parte do contido do temario, e aparecen contempladas no Tema 5 do Bloque I: Parte común, do programa que figura como Anexo I á convocatoria deste procedemento de selección, o cal, entre outras cuestións, alude a obxecto da Lei 7/2023, de 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

O tribunal considera que a resposta correcta é a a). Polo exposto, desestímase esta alegación.

9.- Alegación á pregunta número 23. Alega un dos aspirantes que o artigo 1 da Lei 7/2023 aparece no texto legal coa denominación “Objeto de la ley”, no entanto, a plantilla provisional considera correcta a opción b) “Objeto”, que non coincide literalmente coa denominación oficial do artículo.

Se acudimos aos diarios oficiais nos que se publicou a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, pódese constatar que o artigo 1 do Título Preliminar ten a denominación de “Objeto” (Diario Oficial de Galicia número 233, de 11/12/2023, Boletín Oficial del Estado



número 38, de 13/02/2024),

O tribunal considera que a resposta correcta é a b). Polo exposto, desestímase esta alegación.

10.- Reclamación contra a pregunta 30. Tendo en conta o manual FORMACIÓN PARA EXECUTAR AS OPERACIÓNS NECESARIAS PARA SALVAR VIDAS EN PERIGO MF0401-Operacións de salvamento

2. ASCENSO A ZONA SUPERIOR (páxina 192). 2.1. PROGRESIÓN CON CORDA.

Hai un cadro onde pon como correcto: Utilizar sempre para a progresión cordas dinámicas.

Hai un cadro onde pon como incorrecto: Utilizar cordas semiestáticas para facer progresión de primeiro de corda.

Pregunta 6 de autoavaliación do temario.

Nun ascenso a unha zona superior dunha estrutura, que tipo de corda utilizaremos para encordarnos e asegurar a nosa progresión?

- a) Unha corda semiestática.
- b) Unha corda estática.
- c) Unha corda dinámica acorde ás súas especificacións de uso.
- d) É indiferente, sempre que sexan cordas normalizadas.

Cordas dinámicas: empréganse para asegurar en progresións de primeiro ou segundo de corda. É a unión na cadea dinámica de seguridade, o seu labor principal é deter caídas

Cordas semiestáticas: O seu uso principal é poder traballar en suspensión das cordas, ben para subir ou para descender por elas. Podemos utilizalas para remontar feridos en manobras de rescate. Por tanto, son menos elásticas que as anteriores: non serven para deter caídas.

Polo anteriormente exposto, debe desestimarse a alegación formulada.

11.- Reclamación pregunta 31. Tendo en conta o manual FORMACIÓN PARA EXECUTAR AS OPERACIÓNS NECESARIAS PARA O CONTROL DE EMERXENCIAS COAS AXUDAS TÉCNICAS ADECUADAS. MF0401; Capítulo 8. Páxina 122. ALETAS:

Aumentan a velocidade do desprazamento, pero resultan moi esixentes para os bombeiros con menos práctica.

O seu uso está indicado en mar aberto, desprazamentos longos en pantanos, etc. Da mesma forma, axudan ao remolque da vítima, sobre todo para separala de sitios conflictivos como rocas ou cantís.

NON está indicado o seu uso en correntes de río ou inundacións, en que a natación debe de ser áxil e onde poder incorporarse ás beiras ou subirse a rocas, vehículos, etc. Polo exposto, desestímase esta alegación

12.- Reclamación da pregunta núm. 32. Cando queremos facer captación de auga con bombas centrífugas.

- a) Non é posible facela cando esta se atopa a profundidades superiores aos 7,5-8 metros.
- b) Non é posible facela cando esta se atopa a profundidades superiores aos 1,5-2 metros.
- c) Non é posible facela cando esta se atopa a profundidades superiores aos 15-20 metros.

Na plantilla de respostas dáse como correcta a resposta a), pero no manual CONBE de referencia dinos quela altura máxima de aspiración para bombas centrífugas é de 6-7 metros, polo que tanto a resposta a) como a c) son correctas, porque en ambas as respostas fálanos de alturas superiores ás tomadas como referencia no devandito manual.



A c) non é correcta porque implica que a 14 metros podemos facer a captación de auga. Polo exposto, desestímase esta alegación.

### 13.- Reclamación pregunta 39. FORMACIÓN PARA EXECUTAR AS OPERACIÓNS NECESARIAS PARA O CONTROL DE EMERXENCIAS COAS AXUDAS TÉCNICAS ADECUADAS. F0401

Páxina 257, Capítulo 5.

#### 7.1. ELECTRIZACIÓN/ELECTROCUCIÓN

O fluído eléctrico, ao percorrer o noso organismo, provoca danos de diversa consideración producindo o que definimos como lesións por electrización. Os accidentes eléctricos non son numerosos, pero cando se producen adoitan ser de gravidade, podendo provocar a morte do afectado (electrocución). Polo exposto, desestímase esta alegación.

14.- Reclamación pregunta 40. De acordo cos manuais que se sinalan nas bases da convocatoria, en locais secos e non condutores (illantes) e tendo en conta as opcións plantexadas como resposta para a pregunta formulada, a opción correcta á a b), co que debe desestimarse a alegación formulada.

15.- Reclamación pregunta 42 do exame. FORMACIÓN PARA EXECUTAR AS OPERACIÓNS NECESARIAS PARA SALVAR VIDAS EN PERIGO MF0401, Páxina 131.

Pregunta 28 e 45 do cuestionario de autoavaliación. Que características específicas debe ter unha corda de seguridade de rescate acuático?

a) Debe ser dunha cor vermella brillante e non frota

b) O seu diámetro non debe ser inferior a 20 mm.

c) As respostas A e B son correctas.

d) Nada do anterior é relevante.

a) Incorrecta: Aínda que a cor debe ser de alta visibilidade, non ten por que ser vermello brillante. De feito, o amarelo ou o laranxa brillante adoitan ser preferidos e máis comúns para mellorar a visibilidade en augas revoltas ou con pouca luz.

b) Incorrecta: Un diámetro de 20 mm é excesivamente grosso e pesado para unha corda de rescate acuático estándar (especialmente bolsas de lanzamento). Os diámetros comúns e recomendados para este uso oscilan entre 7.5 mm e 11 mm (3/8" a 7/16"), o que permite un bo agarre e flotabilidade.

• c) Incorrecta: Dado que A e B non son correctas.

• d) Correcta: As características relevantes inclúen que a corda sexa flotante (normalmente polipropileno), de alta visibilidade, coa resistencia adecuada (normalmente >13kN segundo NFPA) e empaketada nunha bolsa de lanzamento. Polo exposto, desestímase esta alegación.

16.- Alegación á pregunta número 50.

Con relación a esta pregunta, achegáronse varias alegacións. Algunhas consideran que a páxina 242 do Manual MF0401(Verde) de Operacións de Salvamento, na Área de Coñecemento 3, Capítulo 17 "Atención sanitaria inicial en situacións de emerxencia", indica expresamente que "se realizan cinco ventilaciones antes de iniciar las compresiones" e posteriormente "se activará el sistema de emergencia, si solo hay un reanimador después de un minuto de RCP", polo que a resposta correcta sería a "C – Ambas son correctas".

Noutros casos, os aspirantes consideran que non marcar a opción C sería omitir unha das características propias dunha RCP en nenos.

Tal e como indican os propios opositores, para responder á pregunta número 50 temos que acudir ao Manual MF0401(Verde) de Operacións de Salvamento, na Área de Coñecemento 3, Capítulo 17 "Atención



sanitaria inicial en situacións de emerxencia”, o cal contén a resposta, nas súas páxinas 241, 242 e no cadro explicativo das diferencias da RCP en nenos que aparece na páxina 242:

- Realízanse cinco ventilacións antes de iniciar as compresións.
- Activarase o sistema de emerxencias, se solo hai un reanimador despois dun minuto de RCP,

En consecuencia, a resposta b), ao indicar que, “en calquera caso, dase un minuto de reanimación antes de chamar ao servizo de emerxencias”, non sería correcta, dado que, solo se se dispón dun reanimador, ten que realizarse primeiro un minuto de RCP, antes de chamar ao servizo de emerxencias, pero solo nese suposto.

O tribunal considera que a resposta correcta é a a), desestimando a alegación plantexada.

17.- Alegación da pregunta 52. A chama prodúcese pola emisión por radiación dos gases presentes na combustión.

Desestímase a ou as alegacións presentadas, dado que corresponde a unha pregunta incluída no test de autoavaliación do módulo MF402. Esta pregunta atópase especificamente na páxina 383 do manual de formación citado, e a súa solución está claramente reflectida na páxina 389 do mesmo documento. Por tanto, considérase que a alegación carece de fundamento ao estar directamente resolta dentro dos manuais de referencia.

18.- Alegación da pregunta 57. As sabotaxes das subministracións básicas é un perigo → Antrópico.

Estímase as alegacións presentadas, cuxo enunciado é ambiguo, podendo dar lugar a interpretacións diversas.

19.- Alegación da pregunta 58. Os cambios tensionales inducidos no terreo polo cambio no nivel freático denomínanse → Subsidiencias.

Estímase a ou as alegacións presentadas, cuxo enunciado atópase fóra do temario establecido no anexo I.

20.- Alegación da pregunta 60. Chamamos tornapunta ao apeo utilizado para → A transmisión de cargas inclinadas.

Desestímase a ou as alegacións presentadas, dado que a resposta á devandita cuestión atópase claramente reflectida na páxina 243, apartado 5.3.3.E., do módulo MF404. Por tanto, considérase que a alegación carece de fundamento ao estar directamente resolta dentro dos manuais de referencia.

21.- Alegación da pregunta 62. A zonificación que permite dividir o escenario de intervención en zonas con diferente exposición ao risco, estruturando a organización xeral das operacións por mera separación física recibe o nome de → Zonificación táctica.

Desestímase a ou as alegacións presentadas, dado que a resposta á devandita cuestión atópase claramente reflectida na páxina 149, introdución do capítulo 10, do módulo MF404. Por tanto, considérase que a alegación carece de fundamento ao estar directamente resolta dentro dos manuais de referencia.

22.- Alegación da pregunta 64. Comprobar o nivel de aceite hidráulico é unha acción que debe facerse → Despois de cada uso.

Desestímase a ou as alegacións presentadas, dado que corresponde a unha pregunta incluída no test de autoavaliación do módulo SEA534. Esta pregunta atópase especificamente na páxina 127 do manual de formación citado, e a súa solución está claramente reflectida na páxina 132 do mesmo documento. Por tanto, considérase que a alegación carece de fundamento ao estar directamente resolta dentro dos manuais de referencia.

23.- Alegación da pregunta 65. A limpeza do filtro do aire é unha acción que debe facerse → Con carácter trimestral.

Desestímase a ou as alegacións presentadas, dado que corresponde a unha pregunta incluída no test de autoavaliación do módulo SEA534. Esta pregunta atópase especificamente na páxina 127 do manual de formación citado, e a súa solución está claramente reflectida na páxina 132 do mesmo documento. Por



tanto, considérase que a alegación carece de fundamento ao estar directamente resolta dentro dos manuais de referencia.

24.- Alegación da pregunta 66. Renovar o aceite do motor é unha acción que debe facerse → Con carácter semestral.

Desestímase a ou as alegacións presentadas, dado que corresponde a unha pregunta incluída no test de autoavaliación do módulo SEA534. Esta pregunta atópase especificamente na páxina 127 do manual de formación citado, e a súa solución está claramente reflectida na páxina 132 do mesmo documento. Por tanto, considérase que a alegación carece de fundamento ao estar directamente resolta dentro dos manuais de referencia.

25.- Alegación da pregunta 67. Para realizar a actividade de mantemento básico → Esta tarefa require un nivel de acción relativamente baixo.

Desestímase a ou as alegacións presentadas, dado que corresponde a unha pregunta incluída no test de autoavaliación do módulo SEA534. Esta pregunta atópase especificamente na páxina 129 do manual de formación citado, e a súa solución está claramente reflectida na páxina 132 do mesmo documento. Por tanto, considérase que a alegación carece de fundamento ao estar directamente resolta dentro dos manuais de referencia.

26.- Alegación da pregunta 70. Defínense as áreas de actuación preferente do consorcio, as constituídas por → Os territorios dos municipios integrados nos distintos SPEIS desde que se deu inicio á prestación do servizo en cada un deles e segundo adaptacións e modificacións en función da localización de parte dos devanditos territorios.

Desestímase a ou as alegacións presentadas, dado que esta cuestión englobase dentro do tema 15, do anexo I, onde se reflicten os ámbitos de actuación do consorcio provincial. Por tanto, considérase que a alegación carece de fundamento.

27.- Alegación da pregunta 71. O número total de centros de traballo adscritos ao consorcio, ascende a: → 11. Desestímase a ou as alegacións presentadas, dado que un centro de traballo defínese como unha unidade produtiva con organización específica, destinada a realizar unha función ou conxunto de actividades determinadas dentro dunha entidade. Neste sentido, para recoñecer a existencia dun centro de traballo é fundamental considerar non só o espazo físico, senón tamén a estrutura organizativa e as funcións que alí se levan a cabo. O consorcio dispón de dez SPEIS distribuídos en diferentes localidades, estes forman parte dunha organización integrada. Ademais, conta cunha sede na que se alberga o persoal administrativo e técnico. Por tanto, considérase que a alegación carece de fundamento.

28.- Alegación contra a pregunta 73. A resposta a esta pregunta háxase no MF 0401 Operacións de salvamento páx 179, apartado 2, Fases da intervención:

*“Durante a intervención pódense establecer nove fases claramente diferenciadas,”* co cal, debe desestimarse a alegación presentada.

29.- Alegación contra a pregunta 81. A resposta a esta pregunta háxase no MF 0402 Control e extinción de incendios, páx 76, apartado 4 Densidade de aplicación das escumas:

Derrames de disolventes polares: 6,5 l/mim m<sup>2</sup>, co que a resposta correcta á a opción a), debendo desestimarse a alegación formulada.

30.- Reclamación contra a pregunta 93. Manuel de FORMACIÓN PARA EXECUTAR AS OPERACIÓNS NECESARIAS PARA SALVAR VIDAS EN PERIGO MF0401-Operacións de salvamento.

Capítulo 15, Apartado 3 (ELECCIÓN DO LUGAR DE EMPRAZAMENTO DA AUTOESCALA), páxina 208.

É moi importante atopar o adecuado emprazamento para a escala. En zonas con tráfico rodado, ademais dos prioritarios, débense instalar conos de sinalización.



O vehículo débese colocar sobre solo firme; cando non sexa posible, colocásenos os ferros de madeira que leva para calzarlo.

Pregunta do temario: 18. Para emprazar un vehículo autoescala, debemos estender os apoios:

- a) Se, sempre.
- b) Non, só cando estendamos o 20% da lonxitude da escala.
- c) Non, só cando estendamos a partir do 30% da lonxitude da AEA.
- d) Se, pero, dependendo do modelo, accionaremos un lateral ou outro.

A opción correcta á a), co que debe desestimarse a alegación presentada.

31.- A pregunta 101 fai referencia ás competencias da Comunidade Autónoma de Galicia e encádrase no tema 1 relativo a: *“O Estatuto de Autonomía de Galicia: as institucións da Comunidade Autónoma: O Parlamento. A Xunta e o seu Presidente. Das competencias de Galicia”*.

Considerando o disposto no art. 27 da Lei Orgánica 3/1981, do 6 de abril, a única opción válida como resposta a esta pregunta é a b), co que, debe desestimarse a alegación presentada.

En base ao anteriormente exposto, o tribunal por unanimidade acorda anular as preguntas 12, 13, 14, 15, 57 e 58 e substituílas polas correlativas de reserva (101, 102, 103, 104, 105 e 106).

## **2.- APERTURA DE FOLLAS IDENTIFICATIVAS.**

Ás 11:30 horas, na Sala Juanjo Gallo da Deputación Provincial da Coruña, situada na avenida do Porto nº 2, A Coruña, procédese a apertura en acto público da caixa selada e precintada na que constan as follas cos datos identificativos das persoas participantes no primeiro exame do proceso selectivo, non presentándose nunha persoa.

## **3.- CORRECCIÓN DO EXERCICIO.**

Ás 11:40 horas, procédese polos membros do tribunal ao escaneo das 302 follas de resposta e á súa introdución no programa informático da Deputación de Coruña co fin de proceder á corrección do exame aplicando o disposto nas bases reguladoras e garantindo o anonimato. Deste xeito, cada pregunta contestada correctamente valórase con 0,35 puntos, as que figuran en branco ou con máis dunha resposta, non se valoran e, aqueles contestadas de maneira errónea, aplícaselle unha penalización de 0,15 puntos. O exercicio é avaliado de 0 a 35 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 17,50 puntos para poder superalo.

Tralo escaneo, compórbase que o exercicio co código 23200542 ten un 0 de puntuación, observándose que se marcaron por erro dúas veces a resposta elixida co cal o proceso de corrección mecanizado non o detecta. Acórdase que se proceda á súa corrección manual polo tribunal, non acandando a puntuación mínima, resultando Non Apto.

Unha vez mecanizados e valorados todos os exames sen coñecerse a identidade das persoas e a correspondencia entre as notas e os aspirantes, obsérvase que superan o exercicio 224 persoas.

A continuación, procédese á apertura das follas cos datos identificativos das persoas participantes e á asignación das puntuacións en función dos respectivos códigos.

## **4.- PUBLICACIÓN.**

Acórdase a publicación da relación de persoas aprobadas no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do CPCIC.

Contra as resolucións do Tribunal cualificador e os seus actos de trámite cualificados poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, consonte ao establecido no art. 121 e seguintes da



Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

## **5.- ACLARACIÓN SOBRE O CERTIFICADO MÉDICO PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS FÍSICAS.**

Acórdase facer referencia ao certificado médico segundo a páxina 11 das bases e a nota aclaratoria publicada o 12 de decembro do 2025 na web do consorcio para todas aquelas persoas que superaron o primeiro exame da oposición e teñen que facer as probas físicas os días 30 e 31 de marzo e 1 de abril do 2026 no INEF en Oleiros.

E non sendo outro o obxecto da reunión, pola Presidencia dáse por finalizada a mesma, sendo as quince horas e dous minutos, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.